



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO DE INTERESE MUNICIPAL NO CONCELLO DE ARTEIXO DENTRO DO MARCO DO CONVENIO DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA AREA DE TRANSPORTE METROPOLITANA DE A CORUÑA

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2019.

REUNIDOS:

D. Ignacio Maestro Saavedra, director xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, en representación da devandita Consellería, actuando por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, consonte co establecido no Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en relación coa Orde do 4 de decembro de 2015 de delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos da consellería (DOG 11/12/2015).

D. José Carlos Calvelo Martínez, alcalde do Concello de Arteixo, en nome e representación do referido concello.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

As políticas públicas de mobilidade que pretenden a redución no uso do vehículo particular, teñen como premisa esencial a potenciación do transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga as necesidades de desprazamento da cidadanía. Asemade, a garantía da mobilidade da poboación dentro dos propios concellos considérase como un elemento de contribución para o crecemento e desenvolvemento da economía local axudando á xeración do emprego e garantindo a sustentabilidade da comunidade.

Nesta liña, constatouse unha necesidade de mobilidade colectiva dentro do concello de Arteixo en zonas de carácter rural que non estaban atendidas co sistema de transporte público de viaxeiros por estrada. Así, co fin de ofertar un transporte público de viaxeiros que conecte diversos puntos do rural con puntos de interese dentro do propio concello, o pasado 1 de febreiro de 2019 foi asinado un Convenio de colaboración para a implantación dun servizo de interese municipal no concello de Arteixo dentro do marco do Convenio de Transporte Metropolitano da Área de Transporte Metropolitana de A Coruña.

Unha vez concertado e posto en marcha o novo servizo, constatouse polo concello de Arteixo a necesidade de potenciar e ampliar o SIMU implantado de cara a atender as crecentes demandas (manifestadas en solicitudes colectivas, enquisas e reunións) das zonas rurais e fomentar a comunicación das diferentes parroquias entre si e co centro





urbano, así como tamén incrementar o uso do transporte público de viaxeiros no verán para o traslado ás praias do termo municipal.

Deste xeito, dada a posibilidade de avanzar no deseño de novas rutas internas ao concello que melloren a mobilidade, e en aras dos principios de colaboración, cooperación e coordinación que deben presidir as relacións entre as Administracións públicas, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á sinatura dun novo Convenio de colaboración que permita a implantación de novas medidas de fomento da mobilidade sostible dentro do concello de Arteixo, para o que as partes subscriben o presente convenio con base nas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a implantación dun servizo de interese municipal no Concello de Arteixo coas características recollidas no Anexo I do presente Convenio.

Coa formalización do presente convenio as partes asinantes acordan a novación do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Arteixo con data do 1 de febreiro de 2019, mediante a integración no presente convenio de todos os dereitos e obrigas contidas no dito convenio de 1 de febreiro de 2019.

Segunda.- Condicións de prestación do servizo polo operador

A implantación efectiva do novo servizo efectuarase consonte coa normativa sectorial que resulta de aplicación mediante a formalización de modificación contractual dun dos actuais contratos de xestión de servizo público de transporte regular de uso xeral con tráfico afectados polo novo servizo.

Deste xeito, a empresa ARRIVA GALICIA, S.L. prestará con carácter exclusivo o servizo mediante a sinatura do correspondente contrato-programa no que se fixarán as obrigas de servizo público no marco das previsións establecidas para o transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña.

O servizo contará cos percorridos e expedicións recollidos no Anexo I do presente Convenio desenvolvéndose integramente dentro do Concello de Arteixo.

Para a realización do servizo o operador empregará o material móbil recollido no Anexo II do presente Convenio no que se recolle a Memoria Económica (custos) do servizo a implantar.

O Concello de Arteixo, de conformidade coas condicións establecidas no presente Convenio, asumirá as compensacións a aboar ao operador prestatario do servizo polo déficit de explotación do servizo. Este déficit reflíctese nas contías indicadas no Anexo II.





Terceira.- Servizos contractuais preexistentes

Consonte cos datos de explotación de que dispón a Administración na configuración do novo servizo obxecto do presente convenio existen catro contratos de transporte con tráfico afectados:

- Contrato de xestión de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada **V-7045; XG-419 A CORUÑA-CARBALLO, con anexos.**
- Contrato de xestión de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada **V-7074; XG-448 A CORUÑA-FISTERRA, con anexos.**
- Contrato de xestión de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada **V-1682; XG-112 A CORUÑA-BOEDO, con anexos.**
- Contrato de xestión de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada **XG-529 A CORUÑA-CANZOBRE, con anexos.**

Os tres primeiros contratos son de titularidade da empresa ARRIVA GALICIA, S.L. e, respecto dos mesmos, para que o novo servizo previsto no presente convenio non afecte á rendibilidade dos servizos contractuais preexistentes, establécese o seguinte mecanismo de compensación:

Asegúrase para o contratista titular destes servizos, e unicamente referido aos tráfico afectados, un nivel de demanda base para cada salto que será a menor das dúas seguintes cantidades:

- A demanda obtida no período base (2017)
- A suma da demanda obtida nos tráfico afectados dos servizos contractuais e a demanda dos novos servizos.

Se a demanda de cada tipo de liña-salto é inferior á demanda base referida no punto anterior, compensarase multiplicando a diferenza entre a demanda obtida e a asegurada polo nivel de compensación por viaxeiro liña-salto mostrados no Anexo III do presente Convenio.

O Concello de Arteixo asume as compensacións aos servizos contractuais preexistentes respecto dos tráfico afectados e de conformidade coas contías establecidas no Anexo III.

O cuarto contrato con tráfico afectados polos servizos a implantar co presente convenio, o contrato de xestión de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada **XG-529 A CORUÑA-CANZOBRE, con anexos** é de titularidade da empresa AUTOCARES J. POMBO, S.L. Respecto destes tráfico afectados establécese para os novos servizos a implantar a correspondente prohibición de tráfico nas paradas afectadas tal e como consta no Anexo I relativo ás características do servizo a desenvolver.

Cuarta.- Sistema tarifario

Ao servizo obxecto do presente Convenio será de aplicación o sistema tarifario zonal correspondente a Área de Transporte Metropolitano da Coruña na que se integra sendo de aplicación tanto os títulos coma os niveis de prezo fixados no Convenio de colaboración polo





que se crea a Área de Transporte Metropolitano da Coruña prorrogado pola Comisión de Seguimento con data 25/04/2018.

A este novo servizo de transporte resultaranlle de aplicación as mesmas regras de distribución de gasto do sistema tarifario entre o Concello de Arteixo e a Xunta de Galicia establecidas no Anexo do devandito convenio.

Quinta.- Contías das achegas

As liquidacións correspondentes aos servizos prestados como parte do convenio existente, asinado con data 1 de febreiro de 2009 entre a Xunta de Galicia e o Concello de Arteixo, quedarán englobadas por completo no presente convenio.

A totalidade das achegas que corresponde efectuar ao Concello de Arteixo con base no previsto anteriormente estímase nas contías que se determinan no Anexo IV.

A devandita previsión no relativo aos datos de demanda estímase en todo caso aproximada asumindo expresamente as partes o cálculo do reaxuste das achegas tomando en consideración os datos reais de usuarios conforme aos datos proporcionados polo SITME.

O Concello de Arteixo comprométese a efectuar a transferencia das achegas correspondentes á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ao finalizar o primeiro mes de posta en marcha do servizo. Este importe será obxecto de incorporación na aplicación orzamentaria 08.02.512A.470.1 dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia.

Asemade, no caso de acordo de prórroga do servizo, o dito ingreso realizarase no primeiro mes do ano natural seguinte á data de formalización da prórroga.

De non se efectuar as achegas correspondentes no prazo fixado, as partes asumen expresamente que as mesmas terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exhibibles pola Xunta de Galicia, quen poderá reter e compensar os referidos importes das cantidades que lle corresponda ao concello como participación no Fondo de Cooperación Local, consonte co legalmente establecido.

Sexta.- Liquidación das compensacións

A Dirección Xeral de Mobilidade será a encargada de tramitar a compensación ao operador prestatario do servizo de interese municipal de conformidade coas condicións establecidas no contrato-programa.

A Dirección Xeral de Mobilidade, atendendo ás achegas que efectivamente lle correspondera aboar, comunicará ao Concello de Arteixo a liquidación correspondente unha vez finalizado o período de vixencia previsto o que se aplicará sucesivamente nos supostos de prórroga.





Sétima.- Duración

O presente convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

Este convenio poderá ser obxecto de prórroga expresa no marco dos acordos institucionais acadados para o mantemento do servizo máis alá da data inicialmente prevista, e coas obrigas xurídicas e financeiras establecidas para a aprobación da referida prórroga, previo acordo entre ámbalas dúas partes asinantes.

Sen prexuízo da duración sinalada, o presente convenio finalizará se, con anterioridade á data sinalada para estes efectos nesta cláusula, se producira a adxudicación e implantación do contrato de servizo de transporte regular de viaxeiros por estrada de uso xeral no que se integran as obrigas de servizo da nova liña creada conforme ao previsto no Plan de Transporte Público de Galicia.

Oitava.- Réxime xurídico

Tal e como se indica na estipulación primeira, coa entrada en vigor do presente convenio queda derogado o convenio previamente asinado con data 1 de febreiro de 2019 entre a Xunta de Galicia e o Concello de Arteixo, integrándose neste o conxunto de dereitos e obrigas que naquel se prevían.

O presente Convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Asemade, é de aplicación a previsión do artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público.

Este convenio asínase no marco do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia e do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de A Coruña, que as partes declaran coñecer.

Este convenio encóntrase incluído dentro dos previstos no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

Este convenio rexeráse polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.





A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do Convenio, pola Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Novena.- Comisión de Seguimento

Co obxecto de velar polo cumprimento deste convenio e para o tratamento de posibles discrepancias sobre o seu contido e aplicación constitúese unha comisión mixta de seguimento constituída por dúas persoas designadas pola Dirección Xeral de Mobilidade e dúas persoas designadas polo Concello de Arteixo.

Dita comisión de seguimento estará habilitada para efectuar modificacións puntuais ou non substanciais nas ditas condicións que se sinalan para o efecto no anexo I deste convenio.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior consideraranse modificacións non substanciais as que garantan o cumprimento das expedicións e horarios reflectidos no anexo técnico deste convenio. Do mesmo xeito, catalogaranse como modificacións non substanciais a inclusión dalgunha parada nova ou exclusión de algunha existente, sempre e cando o itinerario e horario da posible ruta ou rutas afectadas por estas modificacións non se vexan comprometidos, nin polo tanto modificados de forma significativa.

Aquelas modificacións que teñan un contido substancial ou que afecten á estrutura básica das liñas deberán ser remitidas aos órganos competentes de cada administración actuante para que, conforme ao procedemento e prazos establecidos na normativa que resulta de aplicación, se proceda, ou non, á súa aprobación, rexeitamento ou modificación. De resultar definitivamente aprobadas, e a partir da data que se acorde pasarán a ser vinculantes con suxeición ao establecido neste convenio.

Mediante o procedemento indicado no parágrafo anterior poderán, así mesmo, incorporarse novas liñas á prestación do servizo.

Non obstante, calquera incorporación ou modificación das condicións de prestación do servizo conveniado que implique a asunción de novos custos por calquera das partes deberá vir avalado polo correspondente estudo técnico e económico, e haberá de ser aprobado mediante a sinatura dun novo convenio ou dunha addenda a este, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación deste Convenio.

Para a validez dos acordos requirirase a presenza de todas as persoas integrantes e a aprobación pola maioría delas.

A pertenza a esta comisión así como a asistencia ás súas sesións en ningún caso implicarán ningún tipo de retribución nin axudas de custo para as persoas que a integran.





E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade
(PD Orde do 4/12/2015-DOGA 11/12/2015)
O director xeral de Mobilidade

Polo Concello de Arteixo

Ignacio Maestro Saavedra

José Carlos Calvelo Martínez





ANEXO I: Características dos servizos

Anexo I.1. Liña circular Meicende-Arteixo

- Itinerarios e puntos de parada

Nº orde	PARADAS	CONCELLO	Km entre paradas	Km a orixe	Minutos entre paradas	Minutos a orixe	Tipo parada
1	MEICENDE	ARTEIXO	0,00	0,00	0:00	0:00	FIXA
2	MEICENDE 1, entrada	ARTEIXO	0,85	0,85	0:02	0:02	FIXA
3	MEICENDE 2, entrada	ARTEIXO	0,30	1,15	0:01	0:03	FIXA
4	MEICENDE 3, entrada	ARTEIXO	0,45	1,60	0:02	0:05	FIXA
5	PASTORIZA, entrada	ARTEIXO	0,50	2,10	0:02	0:0	FIXA
6	OSEIRO	ARTEIXO	2,70	4,80	0:05	0:12	FIXA
7	PESCANOVA	ARTEIXO	2,40	7,20	0:05	0:17	FIXA
8	OFICINA TURISMO	ARTEIXO	0,40	7,60	0:02	0:19	FIXA
9	ARTEIXO	ARTEIXO	0,26	7,86	0:01	0:20	FIXA
10	CENTRO MEDICO	ARTEIXO	1,00	8,86	0:02	0:22	FIXA
11	CENTRO SOCIAL	ARTEIXO	0,60	9,46	0:02	0:24	FIXA
12	TANATORIO	ARTEIXO	0,80	10,26	0:02	0:26	FIXA
13	MARIA PITA	ARTEIXO	0,35	10,61	0:01	0:27	FIXA
14	CANAVAL	ARTEIXO	0,23	10,84	0:01	0:28	FIXA
15	OS CARBALLOS	ARTEIXO	0,50	11,34	0:01	0:29	FIXA
16	O POTE	ARTEIXO	0,50	11,84	0:01	0:30	FIXA
17	PANADERIA A NOVA	ARTEIXO	0,35	12,19	0:01	0:31	FIXA
18	AUTOESCUELA	ARTEIXO	0,50	12,69	0:01	0:32	FIXA
19	BAR SNIK	ARTEIXO	0,35	13,04	0:01	0:33	FIXA
20	GALAN	ARTEIXO	0,35	13,39	0:01	0:34	FIXA
21	OPEL	ARTEIXO	0,40	13,79	0:01	0:35	FIXA
22	MACEIRA	ARTEIXO	0,85	14,64	0:02	0:37	FIXA
23	PASTORIZA, saída	ARTEIXO	0,90	15,54	0:02	0:39	FIXA
24	MEICENDE 3, saída	ARTEIXO	0,50	16,04	0:01	0:40	FIXA
25	MEICENDE 2, saída	ARTEIXO	0,45	16,49	0:01	0:41	FIXA
26	MEICENDE 1, saída	ARTEIXO	0,35	16,84	0:01	0:42	FIXA
27	MEICENDE	ARTEIXO	0,90	17,74	0:03	0:45	FIXA



- Tráficos

[illegible]

- Expedicións, calendarios e horario

Calendario	LMMcXVS laborais
Período anual	Todo o ano
Expedicións día	14

Nº Orde	Paradas	Ida 1	Ida 2	Ida 3	Ida 4	Ida 5	Ida 6	Ida 7	Ida 8	Ida 9	Ida 10	Ida 11	Ida 12	Ida 13	Ida 14
1	Meicende	8:00	9:00	10:00	11:00	12:00	13:00	14:00	15:00	16:00	17:00	18:00	19:00	20:00	21:00
...															
27	Meicende	8:45	9:45	10:45	11:45	12:45	13:45	14:45	15:45	16:45	17:45	18:45	19:45	20:45	21:45

Anexo I.2. Microbuses interparroquiais

BUS 1: RUTA UXES

- Itinerarios e puntos de parada

Nº Orde	Paradas	Concello	Km entre paradas	Km á orixe	Minutos entre paradas	Minutos a orixe	Tipo de Parada
1	Monte das Arcas	Arteixo	0,00	0,00	0:00		A demanda
2	Uxes 1	Arteixo	2,40	2,40	0:05	0:05	Fixa
3	Uxes Estación	Arteixo	0,85	3,25	0:01	0:06	A demanda
4	Uxes 2	Arteixo	0,75	4,00	0:01	0:07	Fixa
5	Freán	Arteixo	0,90	4,90	0:01	0:08	Fixa
6	Canzobre	Arteixo	2,50	7,40	0:03	0:11	Fixa
7	Morás	Arteixo	1,30	8,70	0:02	0:13	Fixa
8	Polígono de Morás	Arteixo	2,80	11,50	0:03	0:16	Fixa
9	Tanatorio	Arteixo	2,10	13,60	0:02	0:18	Fixa
10	Centro Médico	Arteixo	1,30	14,90	0:01	0:19	Fixa
11	Institutos	Arteixo	1,80	16,70	0:01	0:20	Fixa

- Tráficos

1	Monte das Arcas	1																	
2	Uxes 1	s	2																
3	Uxes Estación	s	n	3															
4	Uxes 2	s	n	n	4														
5	Freán	s	n	n	n	5													
6	Canzobre	s	n	n	n	n	6												
7	Morás	s	n	n	n	n	n	7											
8	Polígono de Morás	s	n	n	n	n	n	n	8										
9	Tanatorio	s	s	s	s	s	s	s	s	9									
10	Centro Médico	s	s	s	s	s	s	s	s	s	10								
11	Institutos	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	11							

- Expedicións, calendarios e horario

Calendario	LMMcXV laborais
Período anual	Todo o ano
Expedicións día	6

Nº Orde	Paradas	Ida 1	Volta 1	Ida 2	Volta 2	Ida 3	Volta 3
1	Monte de Arcas	8:10	9:50	10:10	14:20	14:40	18:20
...							
11	Institutos	8:30	10:10	11:30	14:40	15:00	18:40

BUS 1: PEDRA DA CRUZ

- Itinerarios e puntos de parada

Nº Orde	Paradas	Concello	Km entre paradas	Km á orixe	Minutos entre paradas	Minutos a orixe	Tipo de Parada
1	Arteixo Oficina de Turismo	Arteixo	0,00	0,00	0:00		Fixa
2	Centro Médico	Arteixo	1,30	1,30	0:01	0:01	Fixa
3	Foxo	Arteixo	0,85	2,15	0:01	0:02	Fixa
4	Loureda Igresario	Arteixo	1,90	4,05	0:02	0:04	A demanda
5	Ervedíns	Arteixo	2,50	6,55	0:03	0:07	Fixa
6	Valle	Arteixo	1,20	7,75	0:02	0:09	Fixa
7	Pedra da Cruz	Arteixo	1,20	8,95	0:01	0:10	Fixa
8	Valle	Arteixo	1,20	10,15	0:01	0:11	Fixa
9	Ervedíns	Arteixo	1,20	11,35	0:02	0:13	Fixa
10	Loureda Igresario	Arteixo	2,50	13,85	0:03	0:16	A demanda
11	Foxo	Arteixo	1,90	15,75	0:02	0:18	Fixa
12	Centro Médico	Arteixo	0,85	16,60	0:01	0:19	Fixa
13	Arteixo Oficina de Turismo	Arteixo	1,30	17,90	0:01	0:20	Fixa

- Tráficos

[illegible]

- Expedicións, calendarios e horario

Calendario	LMMcXV laborais
Período anual	Todo o ano
Expedicións día	2

Nº Orde	Paradas	Ida 1	Ida 2
1	Arteixo Oficina de Turismo	12:30	16:00
...			
13	Arteixo Oficina de Turismo	12:50	16:20

BUS 1: RAÑOBRE

- Itinerarios e puntos de parada

Nº Orde	Paradas	Concello	Km entre paradas	Km á orixe	Minutos entre paradas	Minutos á orixe	Tipo de Parada
1	Rañobre	Arteixo	0,00	0,00	0:00		Fixa
2	Porto Suevos	Arteixo	2,30	2,30	0:03	0:03	A demanda
3	Suevos	Arteixo	1,30	3,60	0:02	0:05	Fixa
4	Pastoriza	Arteixo	1,50	5,10	0:02	0:07	Fixa
5	Pastoriza Institutos	Arteixo	0,35	5,45	0:01	0:08	Fixa
6	Centro Médico Meicende	Arteixo	1,20	6,65	0:01	0:09	Fixa
7	Travesía Meicende Butano	Arteixo	0,85	7,50	0:01	0:10	Fixa
8	Centro Médico Meicende	Arteixo	0,35	7,85	0:01	0:11	Fixa
9	Pastoriza Institutos	Arteixo	1,20	9,05	0:01	0:12	Fixa
10	Pastoriza	Arteixo	0,35	9,40	0:01	0:13	Fixa
11	Suevos	Arteixo	1,50	10,90	0:02	0:15	Fixa
12	Porto Suevos	Arteixo	1,30	12,20	0:02	0:17	A demanda
13	Rañobre	Arteixo	2,30	14,50	0:03	0:20	Fixa
14	Avenida da Praia 133	Arteixo	1,60	16,10	0:01	0:21	Fixa
15	Avenida da Praia 143	Arteixo	0,65	16,75	0:01	0:22	Fixa
16	Sabón	Arteixo	2,30	19,05	0:03	0:25	Fixa
17	Rañal	Arteixo	1,40	20,45	0:02	0:27	Fixa
18	Arteixo Oficina de Turismo	Arteixo	3,00	23,45	0:03	0:30	Fixa

- Tráficos

[illegible]



- Expedicións, calendarios e horario

Calendario	LMMcXV laborais
Período anual	Todo o ano
Expedicións día	4

Nº Orde	Paradas	Ida 1	Ida 2	Ida 3	Ida 4
1	Rañobre	8:45	10:45	13:30	16:30
...					
18	Arteixo Oficina de Turismo	9:15	11:15	14:00	17:00

BUS 2: RUTA SORRIZO

- Itinerarios e puntos de parada

Nº Orde	Paradas	Concello	Km entre paradas	Km á orixe	Minutos entre paradas	Minutos a orixe	Tipo de Parada
1	Centro Médico	Arteixo	0,00	0,00	0:00		Fixa
2	Arteixo Oficina de Turismo	Arteixo	1,90	1,90	0:00	0:00	Fixa
3	Pollo Dorado	Arteixo	0,80	2,70	0:01	0:01	Fixa
4	A Catuxa	Arteixo	0,35	3,05	0:01	0:02	Fixa
5	A Pedreira Baer	Arteixo	0,30	3,35	0:01	0:03	Fixa
6	Igrexario Barrañán	Arteixo	3,20	6,55	0:01	0:04	A demanda
7	O Campo	Arteixo	0,80	7,35	0:01	0:05	A demanda
8	A Ponte Barrañán	Arteixo	1,30	8,65	0:01	0:06	Fixa
9	Chamín de Abaixo	Arteixo	1,30	9,95	0:01	0:07	Fixa
10	Chamín do Medio	Arteixo	0,27	10,22	0:01	0:08	Fixa
11	Chamín de Arriba	Arteixo	0,30	10,52	0:01	0:09	Fixa
12	Covadas	Arteixo	1,00	11,52	0:01	0:10	Fixa
13	Porto Sorrizo	Arteixo	0,40	11,92	0:01	0:11	Fixa
14	Igrexario S. Pedro de Sorrizo	Arteixo	0,70	12,62	0:01	0:12	Fixa
15	Moucho	Arteixo	0,35	12,97	0:01	0:13	Fixa
16	O Seixo	Arteixo	0,60	13,57	0:01	0:14	Fixa
17	Eirís	Arteixo	1,00	14,57	0:01	0:15	Fixa
18	A Lagoa	Arteixo	0,65	15,22	0:01	0:16	Fixa
19	Chamín de Arriba	Arteixo	0,45	15,67	0:01	0:17	Fixa
20	Chamín do Medio	Arteixo	0,30	15,97	0:01	0:18	Fixa
21	Chamín de Abaixo	Arteixo	0,27	16,24	0:01	0:19	Fixa
22	A Ponte Barrañán	Arteixo	1,30	17,54	0:01	0:20	Fixa
23	O Campo	Arteixo	1,30	18,84	0:01	0:21	A demanda
24	Igrexario Barrañán	Arteixo	0,80	19,64	0:01	0:22	A demanda
25	A Pedreira Baer	Arteixo	3,70	23,34	0:04	0:26	Fixa
26	A Catuxa	Arteixo	0,30	23,64	0:01	0:27	Fixa
27	Pollo Dorado	Arteixo	0,35	23,99	0:01	0:28	Fixa
28	Avda. Finisterre	Arteixo	0,55	24,54	0:01	0:29	Fixa
29	Centro Médico	Arteixo	1,00	25,54	0:01	0:30	Fixa



Pág. 14 de 26.



Calendario	MV laborais
Período anual	Todo o ano
Expedicións día	3

Nº Orde	Paradas	Ida 1	Ida 2	Ida 3
1	Centro médico	9:15	13:15	17:15
...				
29	Centro médico	9:45	13:45	17:45

Calendario	Mc laborais
Período anual	Todo o ano
Expedicións día	3

Nº Orde	Paradas	Ida 1	Ida 2	Ida 3
1	Centro médico	10:00	14:00	18:00
...				
29	Centro médico	10:30	14:30	18:30





BUS 2: RUTA MONTEAGUDO

- Itinerarios e puntos de parada

Nº Orde	Paradas	Concello	Km entre paradas	Km á orixe	Minutos entre paradas	Minutos á orixe	Tipo de Parada
1	Centro Médico	Arteixo	0,00	0,00	0:00		Fixa
2	Arteixo Oficina de Turismo	Arteixo	1,90	1,90	0:00	0:00	Fixa
3	Candame	Arteixo	0,75	2,65	0:01	0:01	Fixa
4	Bloquera Lañas	Arteixo	0,29	2,94	0:01	0:02	Fixa
5	Cruce Lañas Abaixo	Arteixo	1,10	4,04	0:01	0:03	Fixa
6	Lañas	Arteixo	0,80	4,84	0:01	0:04	Fixa
7	Cruce do Galo Barrañán	Arteixo	0,35	5,19	0:01	0:05	Fixa
8	Menlle	Arteixo	0,45	5,64	0:01	0:06	Fixa
9	Cruce Igrexario Armentón	Arteixo	0,45	6,09	0:01	0:07	Fixa
10	Rorís	Arteixo	0,40	6,49	0:01	0:08	Fixa
11	Anzobre	Arteixo	1,20	7,69	0:02	0:10	Fixa
12	Os Barreiros	Arteixo	1,00	8,69	0:01	0:11	Fixa
13	Monteagudo	Arteixo	0,80	9,49	0:01	0:12	Fixa
14	Cruce Santa Eulalia	Arteixo	1,40	10,89	0:02	0:14	A demanda
15	Santaia de Abaixo	Arteixo	0,55	11,44	0:01	0:15	A demanda
16	Cruce Santa Eulalia	Arteixo	0,55	11,99	0:01	0:16	A demanda
17	Monteagudo	Arteixo	1,40	13,39	0:02	0:18	Fixa
18	Os Barreiros	Arteixo	0,80	14,19	0:01	0:19	Fixa
19	Anzobre	Arteixo	1,00	15,19	0:01	0:20	Fixa
20	Rorís	Arteixo	1,20	16,39	0:02	0:22	Fixa
21	Cruce Igrexario Armentón	Arteixo	0,40	16,79	0:01	0:23	Fixa
22	Menlle	Arteixo	0,45	17,24	0:01	0:24	Fixa
23	Cruce do Galo Barrañán	Arteixo	0,45	17,69	0:01	0:25	Fixa
24	Lañas	Arteixo	0,35	18,04	0:01	0:26	Fixa
25	Cruce Lañas Abaixo	Arteixo	0,80	18,84	0:01	0:27	Fixa
26	Bloquera Lañas	Arteixo	1,10	19,94	0:01	0:28	Fixa
27	Candame	Arteixo	0,29	20,23	0:01	0:29	Fixa
28	Centro Médico	Arteixo	0,70	20,93	0:01	0:30	Fixa

Pág. 17 de 26.



Calendario	Mc laborais
Período anual	Todo o ano
Expedicións día	3

Nº Orde	Paradas	Ida 1	Ida 2	Ida 3
1	Centro médico	9:15	13:15	17:15
...				
28	Centro médico	9:45	13:45	17:45

Calendario	LX laborais
Período anual	Todo o ano
Expedicións día	3

Nº Orde	Paradas	Ida 1	Ida 2	Ida 3
1	Centro médico	10:00	14:00	18:00
...				
28	Centro médico	10:30	14:30	18:30





BUS 2: RUTA A CACHADA

- Itinerarios e puntos de parada

Nº Orde	Paradas	Concello	Km entre paradas	Km á orixe	Minutos entre paradas	Minutos á orixe	Tipo de Parada
1	Centro Médico	Arteixo	0,00	0,00	0:00		Fixa
2	Arteixo Oficina de Turismo	Arteixo	1,90	1,90	0:00	0:00	Fixa
3	Candame	Arteixo	0,75	2,65	0:01	0:01	Fixa
4	Bloquera Lañas	Arteixo	0,29	2,94	0:01	0:02	Fixa
5	Cruce Lañas Abaixo	Arteixo	1,10	4,04	0:01	0:03	Fixa
6	Lañas	Arteixo	0,80	4,84	0:01	0:04	Fixa
7	Casas Novas	Arteixo	2,60	7,44	0:02	0:06	Fixa
8	Larín Centro Social	Arteixo	1,50	8,94	0:02	0:08	Fixa
9	Larín	Arteixo	0,40	9,34	0:01	0:09	Fixa
10	Areal Larín	Arteixo	2,30	11,64	0:02	0:11	Fixa
11	Cachada Parque	Arteixo	2,30	13,94	0:02	0:13	Fixa
12	Escola A Cachada	Arteixo	0,65	14,59	0:01	0:14	Fixa
13	A Esquipa Mirón	Arteixo	1,40	15,99	0:01	0:15	A demanda
14	Escola A Cachada	Arteixo	1,40	17,39	0:01	0:16	Fixa
15	Cachada Parque	Arteixo	0,65	18,04	0:01	0:17	Fixa
16	Areal Larín	Arteixo	2,30	20,34	0:02	0:19	Fixa
17	Larín Centro Social	Arteixo	2,10	22,44	0:02	0:21	Fixa
18	Larín	Arteixo	0,40	22,84	0:01	0:22	Fixa
19	Casas Novas	Arteixo	1,50	24,34	0:02	0:24	Fixa
20	Lañas	Arteixo	2,60	26,94	0:02	0:26	Fixa
21	Cruce Lañas Abaixo	Arteixo	0,80	27,74	0:01	0:27	Fixa
22	Bloquera Lañas	Arteixo	1,10	28,84	0:01	0:28	Fixa
23	Candame	Arteixo	0,29	29,13	0:01	0:29	Fixa
24	Centro Médico	Arteixo	0,70	29,83	0:01	0:30	Fixa



- Tráficos

1	Centro Médico	1
2	Arteixo Oficina de Turismo	s 2
3	Candame	s s 3
4	Bloquera Lañas	s s s 4
5	Cruce Lañas Abaixo	s s s s 5
6	Lañas	s s s s s 6
7	Casas Novas	s s s s s s 7
8	Larín Centro Social	s s s s s s s 8
9	Larín	s s s s s s s s 9
10	Areal Larín	s s s s s s s s s 10
11	Cachada Parque	s s s s s s s s s s 11
12	Escola A Cachada	s s s s s s s s s s s 12
13	A Esquipa Mirón	s s s s s s s s s s s s 13
14	Escola A Cachada	s s s s s s s s s s s s s 14
15	Cachada Parque	s s s s s s s s s s s s s s 15
16	Areal Larín	s s s s s s s s s s s s s s s 16
17	Larín Centro Social	s s s s s s s s s s s s s s s s 17
18	Larín	s s s s s s s s s s s s s s s s s 18
19	Casas Novas	s s s s s s s s s s s s s s s s s s 19
20	Lañas	s s s s s s s s s s s s s s s s s s s 20
21	Cruce Lañas Abaixo	s 21
22	Bloquera Lañas	s 22
23	Candame	s 23
24	Centro Médico	s 24

- Expedicións, calendarios e horario

Calendario	Mc
Período anual	Todo o ano
Expedicións día	3

Nº Orde	Paradas	Ida 1	Ida 2	Ida 3
1	Centro médico	8:30	12:30	16:30
...				
24	Centro médico	9:00	13:00	17:00

Calendario	LX
Período anual	Todo o ano
Expedicións día	3

Nº Orde	Paradas	Ida 1	Ida 2	Ida 3
1	Centro médico	9:15	13:15	17:15
...				
24	Centro médico	9:45	13:45	17:45



Calendario	MV
Período anual	Todo o ano
Expedicións día	3

Nº Orde	Paradas	Ida 1	Ida 2	Ida 3
1	Centro médico	10:00	14:00	18:00
...				
24	Centro médico	10:30	14:30	18:30

Anexo I.3. Bus Praias

- Itinerarios e puntos de parada

Nº Orde	Paradas	Concello	Km entre paradas	Km á orixe	Minutos entre paradas	Minutos a orixe	Tipo de Parada
1	Saida Praias	Arteixo	0,00	0,00	0:00		Fixa
2	Sabón	Arteixo	2,90	2,90	0:05	0:05	Fixa
3	Rañal Praia	Arteixo	1,20	4,10	0:01	0:06	Fixa
4	Saida Praias	Arteixo	2,90	7,00	0:05	0:10	Fixa
5	Pollo Dorado	Arteixo	0,50	7,50	0:01	0:11	Fixa
6	A Catuxa	Arteixo	0,30	7,80	0:01	0:12	Fixa
7	A Pedreira Baer	Arteixo	0,30	8,10	0:01	0:13	Fixa
8	Valcobo	Arteixo	1,50	9,60	0:04	0:17	Fixa
9	Barrañán Este	Arteixo	2,40	12,00	0:04	0:21	Fixa
10	Barrañán Centro	Arteixo	0,35	12,35	0:01	0:22	Fixa
11	Barrañán Oeste	Arteixo	0,70	13,05	0:02	0:24	Fixa
12	Barrañán Fin de líña	Arteixo	0,30	13,35	0:01	0:25	Fixa

- Tráficos

1	Saida Praias	1											
2	Sabón	s	2										
3	Rañal Praia	s	s	3									
4	Saida Praias	s	s	s	4								
5	Pollo Dorado	s	s	s	s	5							
6	A Catuxa	s	s	s	s	s	6						
7	A Pedreira Baer	s	s	s	s	s	s	7					
8	Valcobo	s	s	s	s	s	s	s	8				
9	Barrañán Este	s	s	s	s	s	s	s	s	9			
10	Barrañán Centro	s	s	s	s	s	s	s	s	s	10		
11	Barrañán Oeste	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	11	
12	Barrañán Fin de líña	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	s	12





- Expedicións, calendarios e horario

Calendario	LMMcXVSDF
Período anual	Do 24 de xuño ao 08 de setembro
Expedicións día	20

Nº Orde	Paradas	Ida 1	Ida 2	Ida 3	Ida 4	Ida 5	Ida 6	Ida 7	Ida 8	Ida 9	Ida 10
1	Saída Praias	11:00	12:00	13:00	14:00	15:00	16:00	17:00	18:00	19:00	20:00
...											
12	Barrañán Fin de liña	11:25	12:25	13:25	14:25	15:25	16:25	17:25	18:25	19:25	20:25

Nº Orde	Paradas	Volta 1	Volta 2	Volta 3	Volta 4	Volta 5	Volta 6	Volta 7	Volta 8	Volta 9	Volta 10
1	Barrañán Fin de liña	11:30	12:30	13:30	14:30	15:30	16:30	17:30	18:30	19:30	20:30
...											
12	Saída Praias	11:55	12:55	13:55	14:55	15:55	16:55	17:55	18:55	19:55	20:55





ANEXO II: Déficit de explotación do servizo

ESTIMACIÓN INGRESOS (1 de 3)

Previsión Viaxeiros(*)	CIRCULAR	BUS PRAIAS	
Ocupación Media por Expedición	18	25	viaxeiros
Expedicións diarias	14	20	expedicións
Viaxeiros Diarios	252	500	viaxeiros
Días de servizo ao ano	299	77	Días
Viaxeiros Anuais	75.348	38.500	viaxeiros
Previsión Ingresos			
Recadación por Viaxeiro (sen IVE)	1,309362	1,309362	€
Recadación Anual (sen IVE)	98.657,81	50.410,44	€

(*) Estimación facilitada polo Concello de Arteixo

ESTIMACIÓN INGRESOS (2 de 3)

Previsión Viaxeiros(*)	BUS 1 UXES	BUS 1 PEDRA DA CRUZ	BUS 1 RAÑOBRE	
Ocupación Media por Expedición	11	11	11	viaxeiros
Expedicións diarias	6	2	4	expedicións
Viaxeiros Diarios	66	22	44	viaxeiros
Días de servizo ao ano	249	249	249	Días
Viaxeiros Anuais	16.434	5.478	10.956	viaxeiros
Previsión Ingresos				
Recadación por Viaxeiro (sen IVE)	1,309362	1,309362	1,309362	€
Recadación Anual (sen IVE)	21.518,06	7.172,69	14.345,37	€

(*) Estimación facilitada polo Concello de Arteixo

ESTIMACIÓN INGRESOS (3 de 3)

Previsión Viaxeiros(*)	BUS 2 SORRIZO	BUS 2 MONTEAGUDO	BUS 2 CACHADA	
Ocupación Media por Expedición	11	11	11	viaxeiros
Expedicións diarias	3	3	3	expedicións
Viaxeiros Diarios	33	33	33	viaxeiros
Días de servizo ao ano	249	249	249	Días
Viaxeiros Anuais	8.217	8.217	8.217	viaxeiros
Previsión Ingresos				
Recadación por Viaxeiro (sen IVE)	1,309362	1,309362	1,309362	€
Recadación Anual (sen IVE)	10.759,03	10.759,03	10.759,03	€

(*) Estimación facilitada polo Concello de Arteixo





ESTIMACIÓN INGRESOS (Total)

Previsión Viaxeiros(*)	TOTAL	
Ocupación Media por Expedición		viaxeiros
Expedicións diarias		expedicións
Viaxeiros Diarios		viaxeiros
Días de servizo ao ano		Días
Viaxeiros Anuais	171.367	viaxeiros
Previsión Ingresos		
Recadación por Viaxeiro (sen IVE)	1,309362	€
Recadación Anual (sen IVE)	224.381,44	€

(*) Estimación facilitada polo Concello de Arteixo

ESTIMACIÓN DÉFICIT

Variable	Importe
Custos (a)	484.162,70 €
Ingresos (b)	224.381,44 €
Estimación de Déficit (c)=(b)-(a)	-259.781,26 €

(a) Custo determinado en base ao cadro de custos remitido polo operador e validado polo Concello de Arteixo

(b) Ingresos estimados en base a previsión de viaxeiros facilitada polo Concello de Arteixo





ANEXO III: Compensacións aos servizos contractuais preexistentes

A demanda base anual asegurada ao contratista polos tráficos afectados como consecuencia da implantación dos novos servizos será a menor das dúas seguintes contías:

- A demanda obtida no período base, 2017:

ANO	CONTRATO	LIÑA	VIAXEIROS
2017	V-7045	2577	2.251
		2576	90
	V-7074	2581	9.498
		2582	275
		2584	96
		2587	2.068
		2590	16
		2591	156
		2597	868
		2599	133
		2585	16.559
		2589	83
		2598	410
	V-1682	2572	2.568
		2573	100
		2574	2.467
		2575	694
Total			38.332

Se a demanda nos servizos contractuais preexistentes de cada tipo de liña-salto, nos tráficos afectados, é inferior á demanda base referida no cadro anterior, compensarase multiplicando a diferenza entre a demanda obtida e a asegurada polo nivel de compensación por viaxeiro liña-salto para as liñas con tráficos afectados actualizado sobre a base da orde de tarifas que corresponda en cada momento.

CONTRATO	Nº Saltos	DEMANDA	NC
V-1682	0	5.829	1,32764 €
V-7045	0	2.341	1,31120 €
V-7074	0	30.162	1,34845 €
Total		38.332	





ANEXO IV: Importe da totalidade das achegas que corresponde efectuar ao Concello de Arteixo

TOTALIDADE ACHEGAS	
CONCEPTO	Importe
Compensacións servizos preexistentes	51.480,28 €
Déficit Explotación	259.781,26 €
TOTAL	311.261,54 €

